É-SAÚDE



É-Saúde é unha plataforma dixital dirixida a pacientes e cidadáns que permite acceder a unha serie de servizos interactivos e contidos personalizados de saúde dende calquera dispositivo conectado a internet. Posibilita, entre outras moitas cuestións, consultar e xestionar as súas citas; revisar a súa folla de tratamentos, períodos, e renovacións; os informes de alta; informes de probas diagnósticas; ou o informe do calendario de vacinacións infantís.

Tamén permite acceder á axenda de citas en atención primaria ou especializada actualizada, posibilitando completala con citas e eventos persoais de maneira que o paciente, dende o propio móbil, poida consultar cando ten que recoller unha receita na farmacia, ir a unha consulta médica, realizar unha proba diagnóstica ou facer as actividades de promoción da saúde que tivera programado. Todo iso coa garantía que ofrece o feito de que toda a información estea albergada no servidor do Servizo Galego de Saúde, coa conseguinte seguridade xurídica e tecnolóxica que iso supón.

Pódense facer usuarias de É-Saúde as persoas que dispoñan de tarxeta sanitaria do Sergas, e deben acceder á páxina web da plataforma, e crear unha conta cubrindo un formulario. Para garantir a seguridade de datos persoais e clínicos, algunhas das funcionalidades só están dispoñibles se se accede cun nivel de seguridade alto, validando a identidade a través do DNI electrónico, certificado da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, ou o sistema CHAVE 365. Nos seguintes enlaces podedes acceder ás preguntas máis frecuentes sobre esta ferramenta e á propia plataforma.

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Non se atopou ningún resultado asociado

Clasificación

Categorías:

- Temas, Información para a miña saúde, Ligazóns saudables de interese
- Colectivos, Cidadanía e Pacientes
- Interésame, Solicitar documentación clínica e información de medicación